

**RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas á reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico polos incendios que se produciron en Galicia durante o verán de 2025, con carácter plurianual. Instituto Galego da Vivenda e Solo. DOG 166 (30/08/2025)**

**Obxeto**

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión das axudas destinadas a reparar os danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico como consecuencia dos incendios que se produciron en Galicia durante o verán de 2025. Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda poderá destinarse tanto á súa reconstrución como á adquisición dunha nova vivenda.

A concesión destas axudas terá **carácter subsidiario** respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, de que poidan ser beneficiarios os afectados.

Código de procedemento: VI100B

**Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sufrisen danos que afecten tanto a vivenda como o seu enxoval doméstico.

**Actuacións subvencionables e contía da axuda**

- a) Danos ocasionados na vivenda que constitúa a **residencia permanente e habitual** dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias.
  - No caso de ruína da vivenda: 100% do valor de reposición co límite de 132.000 €
  - No caso de rehabilitación: 100% do valor de rehabilitación co límite de 132.000 €
- b) Danos ocasionados no resto das vivendas **residencias que non sexan permanentes** e habituais e nas instalacións complementarias:
  - No caso de ruína da vivenda: 100% do valor de reposición co límite de 66.000 €
  - No caso de rehabilitación: 100% do valor de rehabilitación co límite de 66.000 €Quedan excluídas as edificacións ruinosas e en abandono manifesto con carácter previo aos incendios.
- c) Danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade:
  - No caso de enxoval nas vivendas ruinosas que sexan residencia permanente: 100% dos gastos de reposición co límite de 16.200 €
  - No caso de enxoval nas vivendas ruinosas que non sexan residencia permanente: 50% dos gastos de reposición co límite de 5.400 €
  - Nos demais casos: 100% dos gastos, co límite de 7.600 € se o enxoval pertence á vivenda habitual, e 50% dos gastos co límite de 3.300 € no caso de vivenda ocasional.

## Inicio e prazo de execución das obras

As actuacións de rehabilitación **poderán estar iniciadas** con carácter previo á presentación da solicitude ou da resolución de concesión, sempre que se **conserven fotografías** e calquera outro documento que acredite o estado en que quedase a vivenda, as instalacións complementarias ou o enxoval por causa dos incendios.

No suposto de actuacións de rehabilitación na vivenda danada e/ou nas súas instalacións complementarias, o prazo para a execución das obras non **poderá ser superior a vinte e catro meses**, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.

## Prazo de presentación de solicitudes

Dende o 1 de setembro de 2025 ata o 28 de novembro de 2025.